



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DIRECCIÓN XERAL DE
TRÁFICO, A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A
SOCIEDADE CONCESIONARIA AUTOESTRADA OURENSE CELANOVA,
SOCIEDADE CONCESIONARIA DA XUNTA DE GALICIA, SOCIEDADE
ANÓNIMA.**

En Santiago de Compostela, a 30 de novembro de 2017

REUNIDOS:

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestructuras, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestructuras.

Dotra parte, D. Gregorio Serrano López, Director General do Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico, adscrito ao Ministerio do Interior, cargo para o que foi nomeado por Real Decreto 499/2016, do 18 de novembro (BOE núm. 280, do 19 de novembro de 2016).

Doutra, D. Francisco Javier Ramos Barbosa con DNI número 33.257.823 F- apoderado de Autoestrada Ourense Celanova, Sociedade Concesionaria da Xunta de Galicia, sociedade anónima, con domicilio social en rúa do Paseo 25 entresuelo 32003 Ourense, actuando no uso das facultadas e poderes conferidos ao seu favor en escritura pública outorgada o 26 de marzo de 2014 ante o Notario de Ourense Daniel Balboa Fernández co número catrocentos cincuenta e dous do seu protocolo, que declara non estar revocados.

As partes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica bastante para a celebración do presente Convenio de colaboración, acordan levalo a efecto e, a tal fin,



MANIFIESTAN:

- I. Que a DGT subscribiu coa AXI un Convenio de colaboración en virtude do cal ambas partes se comprometen a actuar conxuntamente na mellora da seguridade vial das estradas de titularidade da Xunta de Galicia e, en particular, nas vías suxeitas a concesión de obra pública, en virtude do cal – Cláusula primeira – se procederá á sinatura dun convenio de colaboración entre a DGT, a AXI e cada unha das sociedades concesionarias para precisar as actuacións que se desenvolverán en relación cos sistemas de explotación, xestión e control do tráfico, coa finalidade de aumentar a seguridade vial e poder realizar un control mais axeitado do tráfico que circula por tales vías.
- II. Que Autoestrada Ourense Celanova, sociedade concesionaria da Xunta de Galicia, Sociedade Anónima é titular da concesión de obra pública para a construción e explotación da autovía A52-Celanova (AG-31), adxudicada por Resolución da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de data 27 de febreiro de 2009.
- III. Que a DGT, a AXI e Autoestrada Ourense Celanova, sociedade concesionaria da Xunta de Galicia, Sociedade Anónima, co fin de perfeccionar e completar os seus respectivos sistemas de información e control de tráfico para mellorar o servizo que prestan aos usuarios en vía de alta capacidade autovía A52-Celanova (AG-31), e poder realizar un control integral das instalacións ao longo do trazado e os seus accesos, consideran necesaria a sinatura deste convenio.
- IV. Que, segundo o establecido no artigo 14.6 *Outros sistemas de xestión e control de tráfico* do Prego de Prescricións Técnicas Particulares do concurso de concesión de obra pública, *“A sociedade concesionaria deberá garantir a total e completa compatibilidade de cada sistema cos xa instalados na rede viaria da zona. Así mesmo, o conxunto destes sistemas deberase interconectar co correspondente Centro de Xestión de Tráfico, asegurándose a total operatividade dos mesmos desde o citado Centro de Xestión, e a súa perfecta integración no sistema global de xestión de tráfico, en caso de que a Administración concedente o estime necesario.*

Os medios para a información ao usuario que se implanten para os mencionados fins, deberán ser sometidos á consideración da súa idoneidade pola Administración concedente e, no seu caso, pola Dirección Xeral de Tráfico do Ministerio do Interior”.

- V. Que con motivo de dar continuidade aos Sistemas Intelixentes do Transporte (en diante SIT) xa instalados na vía de alta capacidade, e acadar unha xestión integrada e, coordinada, faise necesaria a conexión ao Centro de Gestión do Tráfico do Noroeste da



Dirección General de Tráfico na Coruña, do da autovía A52-Celanova (AG-31), situado na ligazón da Merca.

- VI. Por todo isto, os reunidos acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración entre a DGT, a AXI e Autoestrada Ourense Celanova, sociedade concesionaria da Xunta de Galicia, Sociedade Anónima, ao amparo do establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, en en particular do seu capítulo VI, con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. O presente Convenio de Colaboración ten por obxecto, en virtude do establecido no Convenio de Colaboración asinado entre a AXI e a DGT en Santiago de Compostela en data 1 de xuño de 2016, e en particular a súa cláusula segunda, establecer a operativa derivada da cesión dos sistema SIT xa instalados pola sociedade concesionaria Autoestrada Ourense Celanova, sociedade concesionaria da Xunta de Galicia, Sociedade Anónima no tronco da autovía A52-Celanova (AG-31) e os seus accesos, equipos instalados en virtude do contrato de concesión de obra pública asinado entre a sociedade concesionaria e a Xunta de Galicia en data 19 de maio de 2009.

Estes sistemas SIT comprenden: paneis de mensaxe variable, estacións meteorolóxicas, cámaras de vixilancia e control do tráfico.

Así mesmo, regulase neste convenio a forma de intercambiar a información xerada polos sistemas SIT anteriormente descritos, así como a información obtida a través dos sistemas instalados pola DGT naqueles puntos que, aínda sendo exteriores ao ámbito da concesión influían na explotación da autovía.

A relación destes equipos SIT figura no anexo 1 do presente convenio.

SEGUNDA Os paneis de mensaxe variable situados no tronco da autovía autovía A52-Celanova (AG-31) e os seus accesos e instalados pola sociedade concesionaria Autoestrada Ourense Celanova, sociedade concesionaria da Xunta de Galicia, Sociedade Anónima no ámbito do contrato de concesión de obra pública serán xestionados



pola DGT. Esta xestión comprenderá o manexo e explotación dos mesmos, é dicir, a colocación dos mensaxes que a DGT considere oportunos nos paneis.

A sociedade concesionaria informará á DGT das labores realizadas para o cumprimento das súas obrigacións contractuais que poidan supoñer afeccións ao tráfico, así como de calquera outra incidencia detectada durante as labores de vixilancia, sendo a DGT responsable de establecer as prioridades existentes na información facilitada.

En relación a estes sistemas, a sociedade concesionaria e a AXI disporán no tempo real da información que presente os paneis de mensaxe variable. Así como ter acceso ao histórico de todas as ordes executadas nos paneis.

TERCEIRA As cámaras de vídeo vixilancia e control do tráfico situadas no tronco da autovía autovía A52-Celanova (AG-31) e os seus accesos e instaladas pola sociedade concesionaria Autoestrada Ourense-Celanova, sociedade concesionaria da Xunta de Galicia, Sociedade Anónima no ámbito do contrato de concesión de obra pública serán xestionadas pola DGT. Esta xestión comprenderá o manexo, visionado, vixilancia e gravación das imaxes, comprometéndose a DGT de advertir de forma inmediata á sociedade concesionaria de calquera incidencia que se detecte na autovía, co obxecto de que esta poda cumprir correctamente coas súas obrigacións contractuais de conservación, mantemento e explotación. A sociedade concesionaria e a AXI disporán en tempo real das imaxes proporcionadas polas cámaras que serán subministradas pola DGT.

As cámaras de vídeo verificación serán solo competencia da sociedade concesionaria Autoestrada Ourense Celanova, sociedade concesionaria da Xunta de Galicia, Sociedade Anónima, non tendo a DGT acceso ás mesmas.

CUARTA Os datos de tráfico obtidos a través das Estaciones de Toma de Datos instaladas pola sociedade concesionaria na autovía autovía A52-Celanova (AG-31), comunicaranse á Dirección General de Tráfico, en tempo presente.



Da mesma forma, os datos de tráfico obtidos a través das estacións de toma de datos instalados pola Dirección General de Tráfico na contorna da autovía, comunicaranse á sociedade concesionaria da autovía autovía A52-Celanova (AG-31) no seu Centro de Gestión, en tempo presente.

A comunicación de datos de tráfico establecerase de forma que non supoña un risco para a integridade e seguridade da base de datos de tráfico da sociedade concesionaria.

O tratamento dos datos efectuarase dentro do ámbito de competencias de cada parte para alcanzar os obxectivos derivados das súas funcións.

Os datos de tráfico en tempo real serán fornecidos á AXI para que en todo momento coñeza o estado do tráfico na rede controlada por SIT.

QUINTA Os datos das estacións meteorolóxicas instaladas pola sociedade concesionaria Autoestrada Ourense Celanova, sociedade concesionaria da Xunta de Galicia, Sociedade Anónima proporcionaranse á Dirección General de Tráfico en tempo real. Así mesmo, a Dirección General de Tráfico proporcionará á sociedade concesionaria os datos das estacións meteorolóxicas situadas na contorna da autovía A52-Celanova (AG-31).

A Dirección General de Tráfico comprométese a realizar o estudo climático da autovía autovía A52-Celanova (AG-31), xerando o mapa térmico da mesma. Así mesmo, xerará a predición de formación de xeo na calzada na época da vialidad invernall e forneceraa á sociedade concesionaria cunha antelación de 24 horas para que esta poda prover os medios necesarios ante un fenómeno meteorolóxico adverso, cumprindo coas súas obrigacións contractuais en relación coas labores de vialidade invernall.

SEXTA A DGT asumirá o mantemento, conservación e posible reparación dos equipos SIT, relacionados no anexo 1, dentro do contrato xeral de mantemento dos equipos do CGT do Noroeste que prevé a incorporación de novos equipos sen que represente un custo adicional.



Os gastos de consumo eléctrico das acometidas, centros de transformación e equipos SIT seguirán correspondendo á sociedade concesionaria Autoestrada Ourense Celanova, sociedade concesionaria da Xunta de Galicia, Sociedade Anónima.

SÉTIMA A DGT non poderá cambiar de situación nin eliminar ningún dos sistemas SIT existentes sen a previa autorización da AXI.

Os sistemas xestionados á sinatura do presente convenio desde o centro de control da autovía A52-Celanova (AG-31) deberán manterse en servizo en todo momento, e non serán desconectados para integralos ao novo sistema ata que non se asegure a correcta xestión e manexo desde o Centro de Gestión del Tráfico del Noroeste.

OITAVA Todas as partes comprométense a colaborar cos medios técnicos e humanos necesarios, co fin de resolver calquera problema que puidera xurdir derivado da conexión dos seus Centros de Gestión y Control, procurando mutuamente a formación do seu persoal de explotación, xestión, operación, conservación y mantemento.

NOVENA Do presente convenio non se derivan novas obrigas económicas para as partes asinantes.

DÉCIMA Crearase unha Comisión para o seguimento e control integrada por un representante da DGT, un representante da AXI e un representante da sociedade concesionaria Autoestrada Ourense Celanova, sociedade concesionaria da Xunta de Galicia, Sociedade Anónima

Corresponde a esta Comisión o seguimento do convenio e a avaliación do cumprimento das obrigas asumidas nas cláusulas, a resolución de calquera problema que puidera xurdir da interpretación do presente convenio a



actualización permanente da relación de equipos SIT que figura no anexo 1 do mesmo. Esta Comisión deberá quedar constituída no prazo máximo de dous meses contados desde o día seguinte á sinatura do mencionado convenio.

O seu funcionamento, no non previsto polo presente convenio, acollese ao disposto sobre órganos colexiados, segundo o contemplado nos artigos 15 a 22 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

UNDÉCIMA O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e subscribese ao amparo do establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e especificamente nos seus artigos 47 e seguintes, así como de conformidade co disposto polo artigo 4.1.c do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), quedando excluído do seu ámbito de aplicación.

Non obstante, conforme ao artigo 4.2 del TRLCSP, aplicaranse os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, así como as demais disposicións que resulten de aplicación.

Serán competentes os Tribunais do orden xurisdiccional contencioso administrativo para resolver os litixios que puidesen xurdir, e que non puideran resolverse pola Comisión de Seguimento que se estableza, sobre a interpretación, cumprimento, extinción, resolución e efectos do presente Convenio.

DUODÉCIMA O presente Convenio subscribese conforme ás competencias atribuídas á Dirección General de Tráfico e á Xunta de Galicia pola lexislación vixente e especificamente polas seguintes normas:

- Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.
- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia.
- [Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.](#)

DECIMOTERCEIRA Así mesmo, as partes adecuarán as súas actuacións ás seguintes normas:

- Lei 15/1999, de 13 de decembro, publicada no BOE de 14 de decembro de 1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal



- Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, publicado no BOE de 19 de xaneiro de 2008, que aproba o desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999.
- Lei Orgánica 4/1997, de 4 de agosto, regula a utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado
- Real Decreto 596/1999, de 16 de abril, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei anterior, e que na súa disposición adicional única cita o réxime aplicable ás videocámaras para a vixilancia, control e disciplina do tráfico.

DECIMOCUARTA. A firma deste acordo suporá o consentimento expreso das partes para incluír e facer públicos os datos referidos ao acordo, de conformidade co artigo 15 de la Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, de 20 de xullo, publicado no DOG de 3 de agosto de 2006, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DECIMOQUINTA O presente convenio entrará en vigor no momento en que se subscriba e terá un período de vixencia de 4 anos. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. En todo caso quedará extinguido cando se produza algún dos seguintes supostos:

- a. No caso de que as instalacións sexan retiradas ou deixen de cumprir os fins para os que foron proxectadas.
- b. No caso de incumprimento total ou parcial por calquera das partes, das cláusulas contidas no presente Convenio, previo requerimento por escrito das partes contrarias.

E en proba de conformidade con contido do presente convenio, las partes asinan seis exemplares do mesmo, tres orixinais en galego e tres en castelán, no lugar e data que se indica ao principio.

Director General de Tráfico

Presidenta da Axencia Galega
de Infraestructuras

Director General da sociedade concesionaria
Autoestrada Ourense Celanova, sociedade
concesionaria da Xunta de Galicia, Sociedade
Anónima



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: cmati.infraestructuras@xunta.es



Gregorio Serrano López

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Francisco Javier Ramos Barbosa

ANEXO 1.- RELACIÓN DE EQUIPOS SIT DA AUTOVÍA AG-31 A INTEGRAR NO CGT DO NOROESTE



EQUIPO	ALIAS	PK				
PMV	PMV1.1	0+700				
PMV	PMV1.2	5+250				
PMV	PMV2.1	6+400				
PMV	PMV2.2	9+000				
PMV	PMV3.1	10+800				
PMV	PMV3.2	14+500				
PMV	PMV4.1	16+100				
PMV	PMV4.2	17+600				
PM	PM1-METEO	17+700				